

Día das  
Letras Galegas  
2023

**Antoloxía poética  
do Primeiro Festival  
«ÉPICO no PALCO»**



Concello  
do Corgo



# Antoloxía poética do Primeiro Festival «ÉPICO no PALCO»

Por *LOIS LADRA*

## Prefacio

O pasado sábado 22 de Abril do 2023, véspera do **Día Internacional do Libro e da Lectura**, celebrouse no **Concello do Corgo** o primeiro ano de vida dun espazo moi especial: a biblioteca do **Punto de Atención á Lectura do Corgo - PALCO**. A vella escola rural de Agros, onde moitos nenos e nenas aprenderon noutrora a ler e a escribir, tiña sido previamente rehabilitada con fondos públicos polo **Obradoiro Ponte de Areas IV**. Unha vez recuperada a escola para o usufruto cultural de toda a comunidade, nada mellor que homenaxear ás persoas que loitaron pola alfabetización dos nosos veciños a través dun ensino socializado, reconvertendo este espazo nun novo templo do saber: esa foi a idea que nos inspirou e o xermolo a partir do cal agromou a biblioteca do PALCO.

Hoxe por hoxe, como responsable do **Proxecto CORGORAL**, teño a honra de escribir unhas breves liñas sobre esta pioneira e marabillosa antoloxía poética plurilingüe do **Primeiro Festival ÉPICO no PALCO**. O Proxecto CORGORAL naceu a comezos do ano 2021 como unha iniciativa do Concello do Corgo para documentar e salvagardar a tradición oral local; polo tanto, a memoria e a palabra pasaron a ser dúas prioridades inmediatas na defensa e na activación do **Patrimonio Cultural Inmaterial** corgués. Esta iniciativa, orixinal e innovadora, xa recibiu numerosos

parabéns por parte de diversas institucións e particulares, sendo actualmente un indiscutible motivo de orgullo para toda a veciñanza do Corgo, independentemente da súa ideoloxía política e da súa filiación partidaria.

Grazas ás numerosas iniciativas do Proxecto CORGORAL, hoxe podemos gozar dun acceso libre e gratuíto á cultura nas instalacións da biblioteca do Punto de Atención á Lectura do Corgo - PALCO. Neste espazo disponibilízanse para a consulta pública máis de sete mil libros en varios idiomas, así como numerosos audiovisuais de diversos xéneros. Aquí está a ser posible realizar presentacións de libros e revistas, conferencias, concertos acústicos, recitais de poesía, obradoiros de iniciación á lectura de documentos antigos, charlas divulgativas, xornadas sobre o patrimonio cultural, proxeccións de películas e documentais, citas literarias... E o **Primeiro Festival ÉPICO no PALCO**. Por que razón épico? Porque resulta pouco menos que inaudito nos tempos actuais e case sen recursos poder organizar en moi pouco tempo un **Encontro de Poesía Ibérica no Corgo**. Aproveitando as iniciais que nos facultaba este xogo de palabras, co título xenérico do festival xurdiu o lema do mesmo e o adjetivo que mellor o caracteriza: ÉPICO. Porque épico é que unha ducia de intrépidos poetas galegos, portugueses e leoneses se teñan xuntado por amor á arte e á palabra dita, cantada e recitada neste verdadeiro cruce de camiños que é O Corgo.

Aquí poderedes ler unha bela escolma das composicións poéticas que os propios vates escolleron, homenaxeando as diferentes linguas propias de cadaquén, a irmandade dos pobos lusófonos e a boa veciñanza e simpatía coas restantes culturas peninsulares. Gustaríanos moito que esta fora a primeira edición e que nun futuro puideran vir á nosa terra poetas casteláns, euscaldúns, cataláns... ata compoñermos entre todos unha bela sinfonía de paz, respecto e amizade nestes tristes tempos marcados polas guerras, as pandemias e a intolerancia más ruín. Porque, a fin de contas, a diversidade enriquecenos e ningúén pode negar que a poesía nos humaniza e nos fai mellores persoas.

En termos de produción editorial, este é outro máis dos nosos **Cadernos CORGORAL**, que, grazas ao apoio económico do concello, foron publicados ao longo dos tres últimos anos: «O Proxecto CORGORAL», «A toponimia e os nomes da terra no Corgo», «O adiviñanceiro tradicional», «O refraneiro tradicional», «Os cantares do Entroido» e agora... a «Antoloxía poética do Primeiro Festival ÉPICO no PALCO». Todos eles apare-

ceron primeiramente en formato físico e foron distribuídos de balde entre a veciñanza e a comunidade escolar. Posteriormente decidiuse habilitar a súa libre consulta no universo virtual da rede e permitir a súa descarga no portal municipal [www.concellodocorgo.com](http://www.concellodocorgo.com)

Nesta **páxina web**, totalmente renovada e actualizada, tamén se encetou no ámbito do Proxecto CORGORAL unha carpeta de contidos en formato multimedia, na que se inclúe un amplio repositorio de documentación relacionada co patrimonio cultural corgués: textos antigos e modernos, cantigas, fontes históricas, bibliografía, videografía, imaxes de antano... De todo un pouco para poder saber, para poder lembrar e para poder valorar mellor o que fomos e o que somos. Porque temos un enorme potencial e porque é a nosa obriga moral conservar e transmitir todo este patrimonio ás vindeiras xeracións.

E xa para rematar este limiar, tan só me resta agradecer ás persoas que de todo corazón fixeron posible este soño para celebrarmos con orgullo o primeiro ano de vida do PALCO e un ano máis das nosas Letras. Co desexo de que ambos, como ben diría Don Álvaro Cunqueiro, podan vivir e gozar mil primaveras máis.

Lois Ladra

O Corgo, Maio do 2023

**ALBERTE MOMÁN**  
(Ferrol, 1976)

**Subverter a luz alén de toda sombra**  
escaravellar na terra até perder as unllas  
obviando a dor  
a secreción viscosa que as ligaba á carne  
sen coñecer a dirección certa cara a superficie

o amortecer dos sons contra as paredes da caverna  
sen fronteiras  
como formas tan só as figuras da memoria

«e se non existen recordos anteriores a esta nada?»

elaborar un léxico a partir das sombras  
unha gramática simple para comprender os pensamentos  
poñéndolle nome ás emocións básicas  
ás demandas nas que o instinto impera

escavar en oposición á quietude  
a simplificación como xogo de contrarios

avanzar sen temer a claridade

**A claridade é un simulacro**

a tentas sobre as superficies duras  
como quen dá os primeiros pasos  
sen saber o que está por vir  
afirmabamos contar coa capacidade de coñecer  
sen luxar as mans  
ao tempo que mediamos o espesor da sucidade  
pola escasa sensibilidade das xemas

convencinme de que era mellor  
ocultar as falanxes dentro dos puños pechados  
non para loitar por unha identidade de seu  
senón para finxir que o inmobilismo era posible

### O poema

como um orgasmo após outro  
numa produção fordista.

Não posso mentir,  
não sou o melhor amante.

O pior de tudo é a cadênci  
a como uma adição monótona.

E o silêncio cúmplice das expressões,  
o rosto imutável,  
a pele tão só morna e suave.

Repetir que não é possível chegar mais longe,  
ficar em um beco obscuro,  
estreito e húmido

sem apenas uma saída certa.

Perguntar mais uma vez  
por que o verso não chega ao final da página.

Ganhar distância com cada palavra,  
criar a voz com as falanges  
entre as folhas,  
passando de vagar,  
construindo um desejo que não se vê mais cumprido.

O poema  
é a imagem reflectida no espelho  
onde se procura o próprio prazer,  
o amor,  
a beleza que o corpo  
acredita ausente.

O poema são os outros,  
aquele não lugar que construiram para nós,  
para o eu que sou apenas uma sombra dele  
e o espelho como instrumento,  
a página que fica em branco, imaculada,  
com a sua voz percutindo sobre os tempos  
para dizer que precisa ser desflorada  
e não ser assim a virgem que fica deitada  
com as pernas abertas,  
aguardando o poema que nasce sem o contacto prévio,  
sem o aroma dos fluidos que impregna os genitais.

Não, não quero morrer assim,  
sem o berro desesperado,  
sem rachar a página debilitada pelo cuspe e as lágrimas.  
Desejo morrer com a pequena morte  
aprofundando como um cancro  
que se expande,  
que se nutre do próprio ser.  
Assim,  
como a voz que não mingua  
e repete:  
assim, assim, assim mais uma vez.

**ALBINO MATOS**

(Porto, 1948)

**Estrelas**

1

Que é isso, no fundo dos teus olhos?

—São estrelas?

2

Quem olha muito as estrelas  
fica com estrelas no lugar dos olhos.

3

Caminho de estrelas

(Sim, pode ser).

De ti.

Para ti.

4

Quem inventou o dia estrelado

fui eu.

E tu.

5

Há estrelas

mães e avós

de outras estrelas

—Não é?

6

O brilho das estrelas.

O piscar dos teus olhos.

7

Chuva de estrelas

—Lágrimas?

—Saudades.

8

Duas estrelas sorrindo  
uma para a outra  
—Qual delas brilha mais?

9

Uma e outra  
e outra e outra...  
—Enchem a vista  
(e o coração).

10

Duas estrelas  
—Um minuto.  
—Um século.

11

Rio de estrelas  
—Foz de amores.  
—Mar de saudade.

12

Tecnicamente,  
os teus olhos,  
posso chamar-lhes constelação?

**ÁNXELA GRACIÁN**  
(Castroverde, 1968)**Na feira do 13 de Adai**

Na feira do Trece de Adai  
había sempre unha lilaina de papel  
que debuxaba arcos da vella  
cando lle movía as estrelas o vento.

Na feira do Trece de Adai  
había vinte varas de roscas de anís  
trenzadas nunha cana gallada de buxo.

Cada día trece,  
ao volver da feira do Trece de Adai,  
o Home do Saco e mais eu  
detiñámonos na fonte das Ninfelas,  
para ver os cabaliños do demo  
buligaren na escuma da auga.

As roscas e as sete cores  
do arco da vella da lilaina  
da feira do Trece de Adai  
facíanme esquecer o medo  
que me daba aquela muller de auga  
que vivía na fonte das Ninfelas  
e que arrefecía o corpo ao sol  
deitada no peitoril da beira.

### Unha vez tiven un Saltaparedes

Unha vez tiven un Saltaparedes  
fillo dun Saltaparedes  
e pai dun Saltaparedes,  
neto, bisneto e tatataraneto dun Saltaparedes,  
pequeno coma todos os Saltaparedes,  
e con fendas nos ollos  
para gardar as estrelas da noite.  
O meu Saltaparedes era tan pequeno  
que me cabía dentro dunha man.  
Efectivamente,  
no meu Saltaparedes todo era pequeno,  
todo, agás as pernas,  
porque o meu Saltaparedes era todo pernas.  
*«Mentireiriña,*  
*se non tes nada dentro da man»,*  
dicíanme os meus compañeiros do colexió,  
cando, fachendosa,  
lles amosaba a beleza bulideira  
do meu Saltaparedes minúsculo,  
que saltaricaba ínfimo dentro da miña man.  
Aloumiñei o meu Saltaparedes  
para que non se entristecese por igualalo co nada  
e el sorriu exultante de alegría,  
porque o meu Saltaparedes,  
coma todos os Saltaparedes,  
sen ser nada,  
—que os Saltaparedes non son nada—  
viven desa felicidade maiúscula  
de esconxurar as faíscas da ilusión  
nos ollos de cada neno ou nena  
que esperan sentados un regalo.

## Paisaxes de borrancho

Cando era nena  
debuxaba garabatos  
con lapis de grafito gris.  
Gustábame meter elefantes grandes  
dentro de zapatos pequenos  
e rinocerontes con ás de mosca  
dentro dunha caixa de mistos.  
Aqueles meus zoolóxicos persoais  
escapaban polas beiras daquelas liñas rectas,  
sempre demasiado paralelas,  
sementando toda a folla de atoutiños de borranchos  
que se soñaban letras.  
Hoxe sei que a caligrafía non se aprende  
a forza de repasar por riba dos puntos  
círculos,  
arandelas,  
trazos,  
liñas,  
paus revirados  
ou ás de mosca,  
naquel caderno azul do neno viquingo  
que navegaba feliz na súa piragua.  
A caligrafía apréndese cabalgando  
tras do ronsel do seu remo,  
porque só en cada singradura  
cabe ao completo todo o noso mundo pequeno,  
a casa,  
o can,  
a vaca,  
o tractor,  
a aira de laxes de granito  
ou os nomes dos vinte e sete paxaros,  
que existían porque Avó Guillermo  
os nomeaba para min.  
Cando era nena  
debuxaba garabatos cun lapis de grafito gris

no caderno azul do neno viquingo  
que navegaba feliz na súa piragua,  
ata que dona Elisa  
escribía: «NECESITA MELLORAR»,  
con grandes palabras maiúsculas,  
inútiles,  
como todas as cousas maiúsculas,  
porque aquela mestra da escola nacional  
nunca entendeu que o noso mundo pequeno  
é tan grande  
que non cabe dentro de dúas raias.

**CARLOS d'ABREU**  
(Maçores, 1961)

**Nocturna fronteira**

Larga é a noite  
Do outro lado tu  
Entre nós os montes  
por onde ecoa a tristeza  
da distância-fuligem  
e da solidão-geada

Longe está agora a raia  
Mais perto a fronteira  
alçada p'ra desunir  
o nosso país interior

Marcos são os teus olhos  
da permeável fronteira  
Contra(o)bando sou eu  
que passo a passo  
sem passador-guia  
vereda acima e trilho abaixo  
circundando a serra  
de mil sombras-lobishomens

Entro saio volto a entrar  
e só tu sabes porque arrisco  
só tu sabes porque insisto  
em esperar a madrugada

Mil vezes caminho andei  
mil vezes fiz caminho  
Contornei ludibriando  
e derrubando furtei  
todas as fronteiras  
desde que ao cemitério fui  
deixar carta a minha M  e!

## Proibido > Obrigatório > Máscara

### PROIBIDO

é proibido sentar nesta cadeira  
é proibido entrar sem máscara  
é proibido permanecer sem máscara  
é proibido estar a menos de 2m de outrem  
(mesmo que mascarado)  
é proibido circular aos fins de semana  
é proibido sair de casa a partir das tantas  
(já não sei às quantas...)  
é proibido ajuntamento superior a cinco mamíferos  
(mesmo que mascarados)

### e depois a versão OBRIGATÓRIO

é obrigatório o uso de máscara  
é obrigatório desinfectar as mãos  
é obrigatório lavar as mãos  
é obrigatório usar luvas  
é obrigatório distanciamento social  
é obrigatório permanecer em casa  
é obrigatório informar as autoridades  
(se tem sintomas desmascarados)

### é proibido é obrigatório

acautelem-se os monoteístas  
preparem novo altar os teístas  
riam-se os ateístas  
regozijem-se os anti-teístas  
com este omnipresente e omnipotente ser

que notável serviço presta ao autoritarismo  
o novo habitante do espetacular zoo  
do corpo humano

## MÁSCARA

usemos máscara  
entremos com máscara  
permaneçamos com máscara  
circulemos com máscara  
comamos com máscara  
bebamos com máscara  
fumemos com máscara  
banhemo-nos com máscara  
dormamos com máscara  
dancemos com máscara  
cantemos com máscara  
forniquemos...

que deboche!  
adormeci

## MÁSCARA

li e dormi, dormi, dormi  
pela manhã  
MÁSCARA ouvi  
mas não respondi, respondi, respondi

antes elucubrei  
e continuei a pensar, a pensar, a pensar  
e resolvi a questão  
do uso da máscara  
também na hora da refeição:  
fiz-lhe um rasgo para aceder à boca

e neste repensar no que me refodia  
encontrei-lhe ainda uma outra utilidade:  
vendei com ela os olhos para a sesta

já sei  
agora quando sair de casa  
levarei «passa-montanhas»

que sempre pensarão ser forrado  
com cetim em forma de máscara

e poderei entrar no banco estatal  
e no hemiciclo bentinho  
e talvez mesmo no presépio de belém  
porque uso e sou máscara

e que farei ao fruto  
dessas tão notáveis expropriações?

já sei, já sei, já sei:  
distribuo o velho-banco  
pelos novos-bancos  
e os bentinhos arremato-os  
nas feiras de raridades

passarei a ser a máscara  
a máscara que venceu a barba  
que me mascarava  
mas como a barba ficou da cor da neve  
e a Natureza sabe que não gosto de frio  
permite-me agora que a máscara  
amenize o meu inverno  
com as cores que entender

viva a máscara libertadora!

destes lábios mascarados  
recebei graças solsticiais  
e beijos descarados  
senão mesmo envenenados  
por este tempo que levou o vento  
não permitido > não-autorizado > não consentido  
do «INTERDIT D'INTERDIR»

**CARLOS PEDRO**  
(Mêda, 1954)

**Silêncios**

Os silêncios das tardes  
são como os da alma

profundos

No aconchego dos anos  
ameaçam as noites

sufocantes

agarram-se ao corpo  
e à alma  
e ao luto

com raízes de memória  
e  
com o peso  
de todos os invernos.

## Canção

Gota a gota  
vai caindo  
vai molhando  
o duro chão

Gota a gota  
vai caindo  
vai chegando  
ao coração

Gota a gota  
vai caindo  
mesmo quando  
dizes não

Gota a gota  
vai caindo  
vai deixando  
uma canção.

## O amor existe

Existe amor nas manhãs quando nasce um sorriso  
Na cor verde dos campos em flor  
onde o suor  
é preciso

Existe amor nas palavras que forjam a esperança  
Na brandura que tem o luar  
sobre um mar  
de bonança

Existe amor na verdade que à vida se oferece  
Na seara tornada canção  
onde o pão  
acontece

Existe amor escondido num simples desejo  
No calor que é sentido no rosto  
pelo gosto  
de um beijo

O amor existe  
no vento no sol no olhar  
nas coisas belas que queremos sonhar

O amor existe  
E mais que um sentimento  
ele acontece em cada momento.

**EUGENIA SANMARTÍN**

(Ferrol, 1972)

**Líquida**

Hoxe son unha parte desta natureza e nada más  
perdoen os que agardan de min  
pero hoxe son líquida como é hoxe o ar que nos arrodea.

Hoxe adormezo como cada insecto destes montes verdes  
refuxiada o máis posible no arrecendo dos meus cobertores  
coma se fosen a terra mesma da tobeira.

Hoxe pesa o meu interior como as flores dos castiñeiros  
tan fermosas... tan erguidas elas...  
arrecendendo a sexo cando o sol as quenta.

Hoxe caen, pesadas polo peso da chuvia que as empapa  
polo peso do tempo, do clima  
do momento da vida que as empapa

Perdoen os que agardaban hoxe de min  
a persoa compacta, a voz, a resposta  
porque hoxe estou diluída, orballada,  
mesturada cos átomos do universo

...e apenas nada más...  
e no real... góstame.

**Ae! (canción)**

Ae! eu quero mare  
Ae! eu quero mare  
para os meus pés lavare  
Deixo nas augas a dore  
Fican as penas no mare  
Ae! eu quero mare  
Ae! eu quero mare

Ae! eu quero amore  
Ae! eu quero amore  
cálido ter o meu cuore  
Ter pra ter, ter pra emprestare  
e que circule o rencore  
Ae! eu quero amore  
Ae! eu quero amore

Ae! eu quero tempo  
Ae! eu quero tempo  
para facer o meu eido  
Miña casa, meu abrigo  
e sexa alegre o silencio  
Ae! eu quero tempo  
Ae! eu quero tempo

Ae! eu quero vento  
Ae! eu quero vento  
despeiteándome o peito  
Para cantar, para cantare  
co sorriso flor nos beizos  
Ae! eu quero vento  
Ae! eu quero vento

## O voo das manta-raias

Cada vez máis mirámonos só a nós mesmos e ás nosas obras  
coma se non houbese nada más no mundo  
(penso eu mentres me abraio do voo das manta-raias sobre o océano)  
nada más no mundo que este mamífero sen pelo que somos.  
Na última primavera por dúas veces unha libélula dourada zumbou  
maxestosa no noso salón  
o neno tívolle medo  
eu chorei polos nenos que teñen medo das libélulas  
bágoas a moreas polos nenos asustados por unha miñoca mentres xogan  
a call of duty  
polos estúpidos animais que resultamos ser  
tan pagados de eumimecomigo  
afastándonos cheos de orgullo da lúa sen farois  
do lume sen chisqueiro  
da pataca sen terra  
do ovo sen galiña  
do peixe sen escamas  
da vaca sen bosta  
da herba  
das libélulas  
das manta-raias

**HELENA CARVALHO DE ALMEIDA**  
(Angola, 1963)

**Em poesia**

Num rubro coração eu me revejo  
Se de um amor-perfeito os lábios pinto  
No espelho de um arco-íris eu te sinto  
No papiro tua boca doce eu beijo

Leio em versos teus ais que em vão almejo  
Numa rima entrançada o olhar distinto  
De estrofes em que o odor só eu pressinto  
Nos teus poemas de amor eu me protejo

Contigo eu pinto as flores e é primavera  
Contigo ergo o estandarte por magia  
Nos campos de batalha a armilar 'sfera

Contigo escrevo um hino à alegria  
Aonde a paz e a esperança impera  
És da fonte de amores alegoria.

**De veludo rubi vesti cristal**

Numa manhã sem brilho eu te senti  
Eriçada em teu beijo fiquei nua  
Pensamentos de luxo em que fui tua  
Num espasmo gemido estremeci

Minha loucura sã a dois vivi  
Embalada por ti dancei na rua  
Flutuei fui contigo até à lua  
E foi voltar à terra que eu temi

De veludo rubi vesti cristal  
Com aromas silvestres perfumei  
Meus lábios de teu fluido tão frugal

Por tanino veloz me embriaguei  
Tu foste Baco e eu fui simples mortal  
E perdida entre sonos acordei!

### No início era a rima

Era sempre a poesia  
Quando na tua voz tropeçava  
E na minha a tua se embargava  
Havia entre nós melodia  
E entre a razão e o amor  
Com a lealdade por lema  
Diffícil foi definir  
Qual de nós  
Era o poema

Da nascente até à foz  
Dois mares em entropia  
Entre quedas e torrentes  
O paraíso surgia  
Apenas em alegoria  
Apaziguámos hipérboles  
Trapaceámos metáforas  
Musicámos eufémismos  
Sublimámos as anáforas  
Fomos ilhas de desejo  
Em noites adormecidas  
E nelas construímos quadras  
Com castelos por solfejo

Nossos semblantes de máscara  
Curtiram olhares de bocejo  
Trocámos sílabas tónicas  
Fizemos coleção de versos  
Balanceámos tercetos  
Sem pontos de exclamação  
Nem vírgulas atrevidas  
Asteriscos espalharam magia  
Nenhum dos dois foi poema  
Fizémos os dois poesia!

**INOCENCIA MONTES**  
(Tabuyuelo de Jamuz)**Las paridoras de la plaga...**

Ginkgo biloba

Yo, mujer descendiente de los leburos,  
toco el cuerno a la batalla de los míos,  
guardo la llave de la panera  
en el cajón del ajuar para mi entierro  
por si vuelvo muerta...y  
convoco desde aquí a Navia, la diosa celta.  
Dejo el óbolo para Caronte,  
todos los rituales de los ancestros cumplidos y  
escrito queda, que he de ser pan para los robles.

Prometo dar la frente despejada a la puntería  
cuando falte de mi cuerpo la certeza del desove  
y arrastre mi vergüenza por el destierro senil  
de la locura, destino solitario y pobre.

No dejo descendencia inútil,  
mi único instinto reproductor fue el estornudo.  
Sabed, aprendí pronto a hacer renuncios,  
no tuve más honor por espada y por escudo  
que mi falta de codicia a un dios moneda,  
asesino, vanidoso y astuto.

Hoy las ciudades hincan la rodilla.  
En las grutas de las vírgenes aparecidas  
ponen bombas los impunes dictadores.  
Los dioses, escondidos como siempre,  
sonriendo comprensivos a quien muere y va con ellos.  
Pregúntales Caifás... lo negarán tres veces.  
Siria hoy es madriguera, mañana seré yo, después vosotros,  
y qué importan mis despojos de una pieza;  
En Mianmar pagan en paz la posición  
en la segunda mundial, con aniquilación. Angustia.

Ahora no son genocidas  
será después cuando hayan terminado con ellos.  
Nosotros callados...no somos rohinyá.  
Adivináis ahora por qué mataron al Ché, a Gandhi,  
a Olof, a Kennedy, a Luther, a Indira...  
¿Adivináis ahora por qué mataron a los buenos  
los que podían reparar los trenes?  
Pregúntales Caifás ...lo negarán tres veces.

¡A mí los leburos! ...actuad con la habilidad propia de las madrastras.  
¿Desesperaron acaso Piritoo y Teseo al no ver a Caronte en el  
embarcadero... y eran muertos?  
¿Dejó de suspirar Plinio el Viejo cabalgando por el reino de León  
a miles de Romanas de su retiro y libertad amada?  
¿Acaso no tenéis historia?  
¡A mí los leburos!  
los viejos guerreros de antes de esta vergonzosa barbarie  
los que llevaban por arma, un cesto con trenzas de madre  
los del manojo de urz sobre los hombros  
los de antes que la palabra alumno mordiese  
los del mundo reparado sin alambres.

Necesito que alguien me recuerde dónde están  
las casas con voces  
donde se discuta el precio del pan y los huevos.  
Nada sería más noble que heredar gallinas  
ahora que en todas partes se malcrian conejos.  
La práctica hace maestros, dijo el obrero  
mientras intentaba con Poe  
espantarle a Palas el Cuervo

Angustia... angustia.  
¡A mí los leburos!  
La injuria en respuesta a los que se manifiestan,  
la calle que se revuelve recibe desprecios,  
el insulto arrogante que difama a quien piensa  
abismo sin indulto... derrota o consuelo.

Combatiente, están trenzando tu melena para la guerra  
la conspiración está dando frutos. Pregúntame  
¿dónde estaba cuando repartieron la tierra  
ahora que reparten las fronteras del cielo?  
Espérame en la constelación de los reventados  
donde el ginko biloba hará con nosotros alimento  
para esas praderas que buscan en el espacio,  
allí nos mandarán a morir a los muertos.

Ahí os queda la llave de mi panera...  
Pregúntales Caifás... nos matarán a la tercera.

**JUAN CARLOS VALLE - KARLOTTI**  
 (Maside)

«Non río da morte.  
 Porén coñezo aúa  
 branca casa, coñezo aúa  
 branca vestimenta, coñezo  
 aúa lentura e o seu silencio.

Velaí, a morte non  
 me visitou áinda,  
 e vostedes preguntarán: que  
 coñeces? Non coñezo nada.»

JAVIER HERAUDA

«Endexamais vos direi ADEUS,  
 á vosa cita non faltarei.»

**Elexía a Rafael**

É impagabel este día eterno sen ceos troquelados  
 dunha «fe adorábel que o fado blasfema»  
 sen un só deus verdadeiro  
 e sen xaculatorias do medo e a amargura.

Unha bandada vermella de mans clandestinas  
 acompaña esta rexia tristura  
 porén tamén ondean albos manteis  
 de apertas comestíbeis.

Hoxe  
 un soño que non dorme  
 repousa con todo o cansanzo do mundo  
 nos ollos desorbitados de escuitar  
 como cedes a vida  
 o seu son de semente  
 co peso xusto

a indomábel sabenza  
por exemplo, de amar de pé,  
sen concesións.

Hoxe  
a cidade ten os pés fríos e toda  
ela é unha vermella periferia  
onde ninguén pide esmola  
nin implora unha vixilia de avemarías e trompetas  
así e todo  
hai unha colleita no aire  
de propicias primaveras  
que nos obriga a estivar esta urxente dor.

Hoxe  
os guindastres e as rúas apértanse  
até facer da dor, sal grosso  
e un desamparo de xanelas conxeladas  
atinxe os reloxios  
agora boquiabertos.

Hoxe  
até as pedras  
cancelan o seu silencio  
e un monólogo atroz descende deica a beira  
asolagando o que queda deste día sen ósos.

Até os *mercachifres* pecharon  
os seus almacéns de promesas  
e abre o mar a súa magnífica colleita  
de soles maduros e naufraxios  
e non por decreto xaxúa o crepúsculo  
un hoxe sen presa  
e plaxia o teu nome

a lembranza das árbores.

Un silencio pulido de espellos  
multiplica até non dicir basta  
unha orfandade que herda  
o teu teimoso e fiel apego  
ao xénero humano.

Hoxe

a mentira tórcese e avergoña  
e dálle as costas á voz de seu amo e lastimeira  
agocha  
nos faiados da piedade.

A luz esgalla en dous o pan  
mentres crepita á porta do forno e lóuvanos.  
Vallejo dixo que hai na vida tan fortes bateduras  
que todo o vivido empoza na ialma  
e por un intre sen palabras  
cruzamos o país da túa ausencia  
e xa estás aquí de novo  
os risos dos nenos son flores  
nos corazóns que se erguen humildosos  
altivos  
rimando os seus latexos  
con todas as convocatorias que nos deixan nas rúas  
unha vez más abertas  
ás músicas de todos os pasos  
tantáns accesos de caraxe de rabia e de inocencia.

Amigo compañeiro Rafael  
camarada de madrugadas a mans dadas  
de unha en unha  
sen a menor dúvida  
fundiremos toda esa *parafusería* da morte  
e a súa letal papiroflexia de amianto.

Maldita sexa a externalización da miseria  
e o seu *pulero* negocio de ferralla.

Nós somos do aire libre, libres  
e gustamos de soñar espertos  
para que sigas vivo en cada berro de resistencia e riso  
que demos sen descanso.  
Que daría eu por ter todos os versos libres  
e as palabras recén traídas do silencio

para así poder estar á altura do vermello emblema dos feitos  
a mesmísima vida rimando con noites e días  
namentres arde o esquenzo na túa lembranza.

E así, con todo o presente por diante  
dun só tallo  
remato con esta poesía que nos treme.

**MANUELA VIDAL VALLINAS**

(Quintana del Marco, 1967)

**As mulleres que son**

Encalan corredores de cordura  
E enfían vontades  
Tenden sobre pradeiras cancións e refráns frescos  
E debullan, coma patacas, tardes de verán e sestas  
Mentras arroupan as rúas xogando ás cartas  
E a sorte chéiralles a naftalina e a xabón «la bella aurora»

**As mulleres que son**

Gardan a forza da auga nos seus ventres  
Fan medrar a lá  
Estercan rosais e lúas  
Erguen calmas  
E polos sumidoiros  
Ven fuxir as nubes de treboada

**Ollan de fronte ao lobo**

As mulleres que son  
Se é que o lobo as olla

**As mulleres que son**

Paren fillos  
Que reparten por xeografías de hule sobre padiolas  
E que nomean completo cando se anoxan

**As mulleres que son**

Falan con elas mesmas  
Mentras cocen pezas de pan más grandes cós seus días  
e rezan más dúbidas ca rosarios

Festexan a vida en forma de «cuelgas»  
As mulleres que son  
E a lucir arracadas de cor nas súas orellas  
Enchen de baile as prazas  
Recollen lirios  
Fían bicos e amores  
Acenden o lume cos seus contos  
Ordenan o futuro en andeis de cal  
Remexen artesas de carne colorada  
E miden  
As mulleres que son  
En ferrados de fume  
O peso das casas que sosteñen

As mulleres que son  
As mulleres que fun  
As que hei de ser  
Clarexan as miñas sombras  
E hoxe, eiquí, estanme a nomear.

*(Trad. de José Manuel Veloso)*

### La casa

De solidez extrema  
luce unos muros de agua  
y unas ventanas desnudas y grandes  
las risas de las niñas trazan raíles de plata  
y el sol saca del pozo  
el color del rosal distraído

luego la parra nombra la calle  
el verde del huerto  
los manzanos los ciruelos y hasta el peral  
otorgando sobre el murete de piedra  
la esquela crujiente de los negrillos  
mientras un viento torpe tropieza  
las maderas de un corredor que aún  
no hay

De solidez extrema  
la recorro descalza y dejo  
para un mañana que tiembla  
el colocar las alfombras que posa la noche  
junto al vacío de sus vasos de leche

Como una vieja cafetera vencida de fuegos  
el silencio alerta de que se duelen las arañas  
y se alejan  
de que se marchan enveredando telas y lamentos

No hay chimenea.  
Aún.

**Un caballo de nieve galopa la calle**

Eres tú, Mujer.

La ciudad, dormida, calla. Rastro de polvo y ciprés por los asfaltos de lana. Cerros preñados de sombra y de violeta parda. En las alcobas, el absurdo, de envenenados silencios se amamanta. Acerada vertedera hambrienta de carne blanda, rasga raíces y entrañas, como si nada pasara, como si el hedor no entrara, gustando de vecindad, a través de las ventanas, de los cercos de las puertas, por los nudos de la lana. Domesticadas pupilas permanecen degustando hiel de enquistada rama, a sorbos, la sinrazón, sin levantar la mirada.

Un galopar de caballo desboca la nieve blanda.

No hay telón que encubra tanto, ni el letargo del rebaño, ni mansedumbre barata, cómoda frente al espejo de esta barbarie de nácar. Las cloacas son ahora simiente de azucena blanca.

Y en pie tú, Mujer, las sangres, las espadas, el cuenco amortajado de las manos, la cárcava de huesos y colchones.

Y en píe, tú, Mujer, sin aguardar a que vengan, a que despierten, cubriendo tú de tormenta las vaguadas, arrastrar de grito y de perros, de llanto mutilado y de herrumbre en la balanza.

Por los cerros de violeta y sombra, volverá jadeando el alba, blandirá razones frescas frente a tantas pobres almas.

Y el caballo desbocado con su galopar de nieve anegará las almohadas.

Qué galopar de caballo.

Qué duelo de nieve clara rodando en gris asfalto enredo de fría lana En pie vástagos de polvo, nubes repletas de ansía, formando voluntades férreas de no pararse ante nada.

Para las bocas sin cielo han de traer la palabra, han de volver, poco a poco, el eco, la risa, el beso, la luz, la alondra, la canción, la cama. Han de volver como huye ceniza ya la soga enamorada.

Un caballo de nieve viene con un galopar de plata

Eres tú, Mujer.

Y en las esquinas, azucenas blancas.

**MONTSERRAT VILLAR GONZÁLEZ**

(Cortegada de Baños, 1969)

**Ensináronme**

*Mi alma es esa casa de madera que arrastra el vendaval*  
Juan Carlos Mestre

Desde nena ensináronme  
que debería amontoar obxectos  
para deixar herdanza.

**A miña casa acaba de queimarse.**

Eles ensináronme que traballar  
é obter beneficios  
e mercar felicidade a prazos.  
**A miña casa acaba de queimarse.**

Mostráronme o camiño recto  
que levaba á Igrexa os domingos.  
**A miña casa acaba de queimarse.**

Ensináronme que a apariencia  
axuda a que te respecten  
e é por iso que usei vestidiños  
que facían as delicias das nais.  
**A miña casa acaba de queimarse.**

Ensináronme que a familia é indisoluble  
e os irmáns son sagrados  
aínda que te sangren.  
**A miña casa acaba de queimarse.**

Ensináronme a agochar a dor  
e as mentiras,  
para sorrir cando estiver nas rúas  
e que todos envexasen esta vida perfecta.  
**A miña casa acaba de queimarse.**

Eles ensináronme a calar  
porque era só unha moza que sempre  
tiña fantasías de rapaza inútil  
e absurda comunista.

**A miña casa acaba de queimarse.**

Ensináronme a deixar de respirar  
a afogar a beleza no silencio  
e eu torneime palabras sen son.

**A miña casa acaba de queimarse.**

Agora, diante dos cascallos da casa,  
aprendo a vivir de novo  
e a liberdade abrolla das cinzas.

## Simplifiquemos

Simplifiquemos  
ata o futuro  
nunha casa cun tellado seguro  
sen urbanización e con silencios.  
Estantes que paran libros  
retardando o tempo  
cando as mans  
os abrazan coma pólas.

Desfrutemos facendo castelos na area,  
áinda sendo neno aos 80 anos.  
Agardemos polo xantar sobre a mesa, con dous pratos máis,  
por se alguén nos dá a súa presenza.  
Andemos en bicicleta e non  
en máquinas corrosivas que adormecen os nosos corpos.

Xoguemos a vaqueiros e indios  
e afoguemos ese berro para que o inimigo non nos descubra  
mentres unha toupa se pousa nas nosas pernas.  
Tiremos con cordas e paus  
pedras a avións,  
ese fungar no ceo que nos protexe.

Saltemos a corda  
ata derrotar os nocellos.  
Roubemos mazás da árbore do avó  
e comámolas co sabor do prohibido.

Observemos pacientemente mentres os mariñeiros  
saran as redes como se fosen  
fíos de prata que corren nas súas mans  
e soñemos con pescar cada mañá  
o peixe que nos encha.

Recollamos estrelas cando baixe a marea  
e devolvámolas a esa auga necesaria

aínda que iso signifique  
mollar, no inverno, as pernas.

Recoñezamos estas sombras,  
estas pegadas na area  
que mañá desaparecerán  
sen deixar rastro, pero si,  
sensación de abrazos.

Camiñemos en silencio  
para escoitar o son verdadeiro  
do sal que nos alimenta.

## Apnea e resurrección

Mergullarse, non importa:  
frío do inverno,  
verán sen horas.

Mirar -  
máis aló do visible  
e apalpar con dedos  
de delicado amor  
a area que é nai.

Xuntar, respirar,  
baixar ou subir...  
xurdir de novo,  
intermitente tempo contado  
como luz de faro.

Apnea e resurrección.

Chegar ao porto,  
volver ao fogar  
e pensar no alimento  
que xorde dos dedos  
e é inxerido por outros  
en termos de felicidade mercada  
coa soberbia dos cartos.

Apnea e resurrección.

Ignorantes dentes os que mastigan  
o osíxeno que o mar comparte  
cos que o respectan.

**XERARDO QUINTIÁ**  
(Friol, 1970)

**dígovos que tocado con púa de guitarra**  
o meu clítoris-pensante é unha insurrección

proxectada  
cara á curiosidade  
de furgar  
  
e furgar

ate converterse  
nunha pebida  
fosforecente

como cando as cores se alían  
e amosan un frescor —un vívido frescor  
contra esa uniformidade  
cromática chamada

GRIS

éo polos efluvios que del exhuman  
e se espallan a través da Mente Inmortal  
igual que as ondas gravitacionais  
entre a foula interestelar

así  
agardo  
nel

sobre  
vivida  
nel

guiada  
por sinais  
hialinos

que me conduzan

á firme determinación

de estenderme coma un péLAGO  
de abisal *auga ensimesmada*

onde os deuses sexan desposuídos  
de toda concordancia e aí abandonados

- na orfandade
- na creba dos ciclos
- no nacemento do libre

**de que precisamos clarificarnos?**

de que rémoras prescindir? como desbotar  
a afinidade emocional que nos deu acubillo  
fronte a un tipo de traxedia íntima  
e desbordada?

como asumir que toda conxectura  
do maxín é verdadeiramente posible  
se nos zafamos daquilo corroído polo uso?

pero hai que insuflarlle proteínas fermentadas  
e soprar nel como se fose un presaxio  
curativo como curativo é o feito  
de que alguén chegue  
á nosa casa

e faga uso

do noso lume  
do noso idioma

do noso pan  
do noso poema

**benqueridos seres amados pola vida**

cuzos

xovencas

avelaíñas

escornabois

e tamén outros de ánimo máis cambiante  
coma nubeiros en láminas despregadas  
ou alvéolos e branquias  
de quen respira

hai sentidos que se quitan e se poñen  
segundo se esborrallen as tremoias  
que os definen —pero non así o amor  
que devén da xuntanza do que fomos  
a través da carnalidade ou do desmaio  
que compartimos e nos transformou

pois só da vida pode agromar outra vida  
e estenderse simultánea en todas as direccións  
como asemade se estenden os urocordados  
ao colonizaren ignotos asentamentos

—benqueridos  
(digo)

polo que sodes en min  
e polo que a vida  
me deu a través  
de vós —así vos amo









## Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL

- 1- O Proxecto CORGORAL. Unha proposta para a recolla da Literatura Galega de Tradición Oral no Concello do Corgo. *Lvcensia*, n.º 62. 2021.
- 2- O Proxecto CORGORAL. Documentar o Patrimonio Cultural Inmaterial en tempos de pandemia. IV Congreso Galego de Antropoloxía. 2021.
- 3- Orixes e significados dos nomes de lugar das parroquias e lugares. Toponimia do Concello do Corgo. Reimp. *Lvcensia*, n.º 34. 2021.
- 4- O Proxecto CORGORAL e a prensa escolar como fonte para a recompilación da Literatura Popular de Tradición Oral no Corgo. *Corga*, n.º 8. 2021.
- 5- O Proxecto CORGORAL e o adiviñanceiro tradicional do Concello do Corgo. *Lvcensia*, n.º 64. 2022.
- 6- Refraneiro tradicional do Corgo. *Lvcensia*, n.º 65. 2022.
- 7- Nomear a terra no Corgo: a toponimia local vista por un filólogo. *Corga*, n.º 9. 2022.
- 8- Oficios tradicionais no Corgo: Toño do Carrizo, o último ferreiro. *Corga*, n.º 9. 2022.
- 9- *Os Cantares do Entroido no Corgo: 1945-2022*. Caderno monográfico especial, 2023.
- 10- *Antoloxía poética do Primeiro Festival «ÉPICO no PALCO»*. Caderno monográfico especial, 2023.

